

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 8-2015 DA SESION ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- DIA 30/04/2015-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUÑOS SÁNCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTÁNS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARÍA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSÉ RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

CONCELLEIROS AUSENTES:

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP)

NOTA: O PLENO O CONFORMAN LEGALMENTE 17
MEMBROS, PENDENTE SUBSTITUCIÓN DUN MEMBRO

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Patricia Fernández Pérez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DACION DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 145/2015 DE APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2016-2018.

4º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN

5º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA NON FISCAL DO PREZO PÚBLICO DO REXISTRO MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN

6º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SOLO, SUBSOLO OU VOO POR EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SUBMINISTROS

7º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO NOVO REGULAMENTO DO SERVIZO DE TAXI

8.- REVISION DE OFICIO DAS BASES DO CONVENIO PARA A REPOSICIÓN DO EQUILIBRIO ECONOMICO DA CONCESION DO SERVIZO DE AUGA E SANEAMENTO, asinado con AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, S.A. (hoxe VIAQUA) o 09/05/2011: INCOACIÓN

9.- MOCIONS DE URXENCIA.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 5 Sesión ordinaria urxente do día 26/03/2015

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, por unanimidade dos 11 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada.

Acta Nº 6 Sesión extraordinaria do día 13/04/2015

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, por unanimidade dos 11 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/03/2015 ata o 31/03/2015, que comprenden os números 80/2015 ao 185/2015, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.**

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 5 da Sesión ordinaria do día 09/03/2015
- Acta Nº 6 da Sesión extraordinaria urxente do día 25/03/2015
- Acta Nº 7 da Sesión extraordinaria do día 26/03/2015

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

3.- DACION DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 145/2015 DE APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2016-2018

O Sr. Alcalde da conta da Resolución de Alcaldía nº 145/2015 facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<DECRETO 145/2015

REF.: APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2016-18

A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF), establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

O artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións públicas (MINHAP) habilite ao efecto.

Tendo en conta a nota para a remisión de información sobre os marcos orzamentarios emitida polo MINHAP, así como os cadros a cumprimentar respecto da dita información, os marcos orzamentarios coa información con que se conta a día de hoxe e unha aplicación prudente da súa posible evolución é a seguinte:

1. INGRESOS

Ingresos	Año 2015 (€)	% taxa variación 2016/2015	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)
Ingresos corrientes	6.697.572,53	1,71%	6.811.889,18	3,77%	7.068.716,37	3,66%	7.327.582,44
Derivados de evolución tendencial	6.577.806,23	1,20%	6.657.005,74	3,86%	6.913.832,93	3,74%	7.172.699,00
Derivados de modificaciones de políticas	119.766,30	29,32%	154.883,44	0,00%	154.883,44	0,00%	154.883,44
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias							
Medida 2: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos impositivos no gravados	20.981,20						
Medida 3: Correcta financiación de tasas y precios públicos	1.696,92						
Medida : Otras medidas por el lado de los ingresos	97.088,18		154.883,44	0,00%	154.883,44	0,00%	154.883,44
Ingresos de capital	432.486,04	0,00%	432.486,04	0,00%	432.486,04	0,00%	432.486,04
Derivados de evolución tendencial	432.486,04	0,00%	432.486,04	0,00%	432.486,04	0,00%	432.486,04
Derivados de modificaciones de políticas							
Ingresos no financieros	7.130.058,57	1,60%	7.244.375,22	3,55%	7.501.202,41	3,45%	7.760.068,48
Derivados de evolución tendencial	7.010.292,27	1,13%	7.089.491,78	3,62%	7.346.318,97	3,52%	7.605.185,04
Derivados de modificaciones de políticas	119.766,30	29,32%	154.883,44	0,00%	154.883,44	0,00%	154.883,44
Ingresos financieros	216.785,14	-99,08%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00
Derivados de evolución tendencial	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00
Derivados de modificaciones de políticas	214.785,14						
Ingresos totales	7.346.843,71	-1,37%	7.246.375,22	3,54%	7.503.202,41	3,45%	7.762.068,48
Derivados de evolución tendencial	7.012.292,27	1,13%	7.091.491,78	3,62%	7.348.318,97	3,52%	7.607.185,04

Derivados de modificaciones de políticas	334.551,44	-53,70%	154.883,44	0,00%	154.883,44	0,00%	154.883,44
--	------------	---------	------------	-------	------------	-------	------------

No caso dos ingresos correntes pátense dos datos do 2015 ao que hai que matizar o seguinte:

- Ibi:

1. Anualmente prevese un incremento provocado pola minoración de 10 puntos porcentuais do coeficiente corrector a aplicar sobre a base imponible, derivada da Ponencia de valores aprobada en 2012, o que da lugar a un incremento incluído noutras medidas polo lado dos ingresos.

2. No ano 2015 prevese, xunto co incremento anterior as seguintes variacións incluídas nas políticas de ingresos:

2.1) Medida 2: resolución de expedientes de investigación da titularidade de determinados inmobles por un importe de 20.981,20

2.2) Medida 3: incremento da aplicación das novas tarifas do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar por un importe de 1.696,92

2.3) Outras medidas: inclúe o incremento da cota tributaria do Ibi polo efecto da minoración do coeficiente reductor por un importe de 141.786,51

2.4) Outras medidas: inclúe o efecto estimado das bonificacións do Ibi que entraron en vigor neste ano por un importe de -44.698,33

- Icio: De acordo con informe económico-financieiro do Orzamento de 2015 os ingresos tendenciais dese ano son 26.148,89 €, xa que prevéronse como extraordinarios 60.000 €. Nos anos 2016 e seguintes, os ingresos tendenciais por este concepto de ingreso calcúlanse sen ter en conta esta última cantidade.

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2015 (€)	% taxa variación 2016/2015	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)
Cap 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	2.298.155,72	4,70%	2.406.104,04	7,01%	2.574.835,53	6,56%	2.743.843,98
Ibi	1.558.818,11	9,94%	1.713.701,55	9,04%	1.868.584,99	8,29%	2.023.468,43
Iae	67866,19	2,00%	69.223,51	2,00%	70.607,98	2,00%	72.020,14
Ivtm	574.632,53	2,00%	586.125,18	2,00%	597.847,68	2,00%	609.804,63
Iivtnu	10.690,00	2,00%	10.903,80	2,00%	11.121,88	2,00%	11.344,32
Icio	86.148,89	-69,65%	26.150,00	2,00%	26.673,00	2,00%	27.206,46
Cesión impostos estado					0,00		
Ingresos cap 1 y 2 non incluídos anter.					0,00		
Cap 3. taxas, precios p ^o y otros	1.380.724,57	-3,91%	1.326.739,06	2,00%	1.353.273,84	2,00%	1.380.339,32
Cap 4. Transferencias crr	3.017.692,24	2,00%	3.078.046,08	2,00%	3.139.607,00	2,00%	3.202.399,14
PTE	2.217.846,24	2,00%	2.262.203,16	2,00%	2.307.447,22	2,00%	2.353.596,16
Resto cap 4	799.846,00	2,00%	815.842,92	2,00%	832.159,78	2,00%	848.802,98
Capítulo 5. Ingresos patrimoniales	1.000,00	0,00%	1.000,00	0,00%	1.000,00	0,00%	1.000,00
Total de ingresos corrientes	6.697.572,53	1,71%	6.811.889,18	3,77%	7.068.716,37	3,66%	7.327.582,44

B) Detalle de ingresos de capital	Año 2015 (€)	% taxa variación 2016/2015	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)
Capítulo 6. Enajenación de inversiones	0,00		0,00		0,00		0,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	432.486,04	0,00%	432.486,04	0,00%	432.486,04	0,00%	432.486,04
Total de ingresos de capital	432.486,04	0,00%	432.486,04	0,00%	432.486,04	0,00%	432.486,04

C) Detalle de ingresos financeiros	Año 2015 (€)	% taxa variación 2016/2015	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	214.785,14		0,00		0,00		0,00
Total de ingresos financeiros	216.785,14	-99,08%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00

2. GASTOS

En relación aos gastos, os aspectos a remarcar son os seguintes:

- A redución da carga financeira como consecuencia da cancelación dos préstamos, tendo en conta a amortización dos fondos solicitados á Deputación Provincial ao abeiro do Plan de Aforro e Investimento (PAI)
- A previsión do sistema do modo de xestión do servizo de recollida e tratamento de RSU, pasando dunha xestión indirecta a unha xestión a través da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza. Iso supón unha redución do capítulo 2 de 443.451,36 € estimados dos contratos vinculados ao servizo e un incremento do capítulo 4 en 544.308,54 € (última valoración realizada pola mancomunidade sobre os custos a este concello). O balance é dun incremento de 100.857,18 €, previsto na medida 15. Para respectar a regra de gasto, débese realizar un axuste adicional de 5.548,37 €, previsto nunha redución adicional por aplicación de licitacións e outras medidas de mellora de prezos nos contratos.

Gastos	Año 2015 (€)	% taxa variación 2016/2015	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)
Gastos corr	5.775.545,09	0,39%	5.798.326,79	1,21%	5.868.305,66	1,09%	5.932.401,07
Derivados de evolución tendencial	5.775.545,09	-1,26%	5.703.017,98	2,90%	5.868.305,66	1,09%	5.932.401,07
Derivados de modificaciónes políticas	0,00		95.308,81		0,00		0,00
Medida 1: Reducción de costes de personal							
Medida 2: Regulación del régimen laboral y retrib							
Medida 3: Limitación de salarios en los contratos							
Medida 4: Reducción del nº consejeros							
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias							
Medida 6: Reducción del personal de confianza							
Medida 7: Contratos a internalizar							
Medida 8: Disolución de empresas pdas.							
Mdida 9: Estudios de viabilidad en inv							
Medida 10: Reducción de ctos menores			-5.548,37				

Medida 11: Reducción de cargas admivas							
Medida 12: Reorganización							
Medida 13: Reducción estructura organiz							
Medida 14: Reducción servicios oblig							
Medida 15: Otras			100.857,18				
Gastos de capital	709.298,62	0,00%	709.298,62	1,50%	719.938,10	2,00%	734.336,86
Derivados de evolución tendencial	709.298,62	0,00%	709.298,62	1,50%	719.938,10	2,00%	734.336,86
Derivados de modificaciones politicas	0,00		0,00		0,00		0,00
Medida 16: No ejecución inversión							
Medida 17: Otras							
Gastos no financieros	6.484.843,71	0,35%	6.507.625,41	1,24%	6.588.243,76	1,19%	6.666.737,93
Derivados de la evolución tendencial	6.484.843,71	-1,12%	6.412.316,60	2,74%	6.588.243,76	1,19%	6.666.737,93
Derivados de modificaciones politicas	0,00		95.308,81		0,00		0,00
Gastos financieros	862.000,00	-63,86%	311.485,34	-34,95%	202.632,58	-15,63%	170.957,67
Derivados de evolución tendencial	862.000,00	-63,86%	311.485,34	-34,95%	202.632,58	-15,63%	170.957,67
Derivados de modificaciones politicas							
Gstos totales	7.346.843,71	-7,18%	6.819.110,75	-0,41%	6.790.876,34	0,69%	6.837.695,60
Derivados de evolución tendencial	7.346.843,71	-8,48%	6.723.801,94	1,00%	6.790.876,34	0,69%	6.837.695,60
Derivados de modificaciones politicas	0,00		95.308,81		0,00		0,00

A) Detalle de gastos corrientes	Año 2015 (€)	% taxa variación 2016/2015	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)
Capítulo 1. Gastos de personal	2.464.355,01	0,00%	2.464.355,01	1,00%	2.488.998,56	1,00%	2.513.888,55
Capítulo 2. Gastos corrientes en bienes y servicios	3.051.988,00	-14,71%	2.602.981,63	1,70%	2.647.232,32	1,70%	2.692.235,27
Capítulo 3. Gastos financieros	131.365,47	-55,21%	58.845,00	-12,03%	51.765,00	-11,44%	45.845,00
Capítulo 4. Transferencias corrientes	127.836,61	425,78%	672.145,15	1,21%	680.309,78	0,02%	680.432,25
Total de gastos corrientes	5.775.545,09	0,39%	5.798.326,79	1,21%	5.868.305,66	1,09%	5.932.401,07

B) Detalle de gastos de capital	Año 2015 (€)	% taxa variación 2016/2015	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)
Capítulo 6. Inversiones reales	709.298,62	0,00%	709.298,62	1,50%	719.938,10	2,00%	734.336,86
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00		0,00		0,00		0,00
Total de gastos de capital	709.298,62	0,00%	709.298,62	1,50%	719.938,10	2,00%	734.336,86

C) Detalle de gastos financeiros	Año 2015 (€)	% tasa variación 2016/2015	Año 2016 (€)	% tasa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% tasa variación 2018/2017	Año 2018 (€)
Capítulo 8. Gastos por activos financeiros	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00
Capítulo 9. Gastos por pasivos financeiros	860.000,00	-64,01%	309.485,34	-35,17%	200.632,58	-15,79%	168.957,67
Total de gastos financeiros	862.000,00	-63,86%	311.485,34	-34,95%	202.632,58	-15,63%	170.957,67

3. ENDEBEDAMENTO E OUTROS

Os datos de endebedamento previstos a 31 de decembro de cada un dos exercicios do período 2016-18 son:

Data	CV
31/12/15	1.365.917,12
31/12/16	1.056.431,78
31/12/17	855.799,20
31/12/18	686.841,53

Non se consignan datos ningún en relación aos axustes SEC95, xa que non están cuantificados e os datos previstos no Plan de axuste non se consideran actualizados.

En virtude da competencia atribuída a esta Alcaldía, de acordo co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

ACORDO:

PRIMEIRO. Que a Intervención municipal remita os datos indicados no texto deste acordo para dar cumprimento ao sinalado na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

SEGUNDO: Que este acordo sexa remitido ao Pleno para o seu coñecemento na próxima sesión que se celebre

Rianxo, 23 de marzo de 2015

O alcalde

Adolfo F. Muíños Sánchez

A secretaria

Carolina Costoya Pardo>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

4.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<Coa declaración da Área de Rehabilitación Integral e, froito dos convenios entre as administracións, abriuse a Oficina Municipal de Rehabilitación que actúa como portelo único en materia de vivenda dentro do termo municipal e atribúeselle entre outros, o labor de promover e difundir a cultura da rehabilitación.

O arquitecto da Oficina de Rehabilitación remitiu a esta Alcaldía unha proposta de Regulamento municipal de Rehabilitación, sendo o seu obxecto primordial xestionar dúas bases de datos, unha delas contendo edificacións susceptibles de ser rehabilitadas e a outra os datos de persoas dispostas a rehabilitar, ben comprando, ben alugando, ben alugando con opción a compra. Como medida de apoio ao mercado e sen entrar en competencia con el, promovendo e difundindo o patrimonio arquitectónico, establecendo criterios para a actuación nel e xestionando as axudas dispoñibles na materia.

Sendo de interese dispoñer dunha regulación ao efecto e incorporado o informe da Secretaría sobre os trámites procedimentais.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas ou regulamentos é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente o REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo: Expoñer ao público a dita disposición mediante anuncio no taboleiro de editos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

Rexistro Municipal de Rehabilitación do Concello de Rianxo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación pola que está pasando o sector da construción, por mor do parón do sector e a picada da burbulla inmobiliaria sufrida polo excedente de vivendas baleiras existentes tras varios anos de construción masificada e de xeito non sustentable e pola falla de financiamento, fai que as persoas e empresas do sector estean incrementando as listas de desempregados.

Por outra banda, o modelo de crecemento produciu que moitas vivendas tradicionais foran abandonadas polos seus propietarios ou deixaran de exercer nelas os labores de mantemento e conservación necesarios para mantelas en condicións de habitabilidade, así como una redistribución do modelo laboral, cada vez máis disperso. A consecuencia é que haxa moitas vivendas tradicionais baleiras e mesmo abandonadas.

Na crenza de que nesta situación é preferible mellorar antes que medrar, tendo vivendas tradicionais baleiras, e na crenza de que respectar o patrimonio arquitectónico popular e poñelo en valor é un dos alicerces de unha sociedade civilizada, que respecta o seu pasado, a súa memoria e o traballo dos nosos ancestros, cómpre promover políticas de recuperación, protección, mantemento e conservación do noso patrimonio popular, así como de divulgación da nosa arquitectura popular.

Coa declaración da Área de Rehabilitación Integral e, froito dos convenios entre as administracións, ábrese a Oficina Municipal de Rehabilitación que actúa como portelo único en materia de vivenda dentro do termo municipal, e atribúeselle entre outros, o labor de promover e difundir a cultura da rehabilitación; o seu persoal está cualificado para desenvolver os labores necesarios para levar adiante o Rexistro Municipal de Rehabilitación.

Por último, a Lei de Vivenda de Galicia establece a creación do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia e establece a posibilidade de creación doutras seccións para inscrición dos demandantes acollidos a outros programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto do Rexistro Municipal de Rehabilitación

É obxecto primordial do Rexistro Municipal de Rehabilitación xestionar dúas bases de datos, unha delas

contendo edificacións susceptibles de ser rehabilitadas e a outra os datos de persoas dispostas a rehabilitar, ben comprando, ben alugando, ben alugando con opción a compra.

Como medida de apoio ao mercado e sen entrar en competencia con el, promovendo e difundindo o patrimonio arquitectónico, establecendo criterios para a actuación nel e xestionando as axudas dispoñibles na materia.

Artigo 2. Natureza, ámbito de aplicación e Órgano responsable

2.1. O Rexistro Municipal de Rehabilitación terá carácter administrativo e técnico, e será público. O seu ámbito de aplicación comprende todo o termo municipal de Rianxo.

2.2. O órgano responsable do rexistro é a Oficina Municipal de Rehabilitación, perante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos persoais.

Artigo 3. Información e difusión

Co fin de facilitar aos cidadáns o coñecemento sobre os requisitos e funcionamento do rexistro, o Concello adoptará as medidas oportunas para dispoñer da información necesaria na Oficina Municipal de Rehabilitación, na páxina web do citado organismo e no teléfono número 981107887.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá realizar labores de difusión a través de publicidade, prensa e resto de medios de comunicación, charlas ou conferencias, etc.. para o que disporá de partidas orzamentarias anuais.

Artigo 4. Protección de datos

A) Os datos contidos no rexistro son os identificativos dos que formen parte das unidades familiares ou de convivencia demandantes de vivendas para rehabilitar ou datos das edificacións dispoñibles. Os ditos datos serán achegados voluntariamente polo solicitante e, sempre que conste autorización deste, poderán ser obtidos de oficio pola Administración.

B) Os datos do rexistro poderán ser comunicados a outras administracións públicas, entidades ou institucións públicas cando estas sexan responsables dun procedemento de adxudicación de vivendas de protección autonómica e de protección oficial de promoción pública. En todo caso, a comunicación ou cesión de datos do Rexistro Municipal de Rehabilitación a terceiros terá lugar conforme o establecido na normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

C) As medidas de seguridade do rexistro son as correspondentes o nivel alto, consonte o establecido no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, que aprobou o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5. Estrutura do rexistro

O rexistro consta de seccións diferenciadas para a inscrición:

SECCIÓN PRIMEIRA

DEMANDANTES DE VIVENDAS PARA REHABILITAR

Inscribiranse todos os demandantes que, reunindo os requisitos de acceso requiridos, queiran acceder á compra, aluguer ou, de ser o caso, aluguer con opción de compra dunha vivenda susceptible de ser rehabilitada para ser utilizada para o uso previsto e co compromiso de proceder á súa rehabilitación consonte as directrices e prazos indicados polos técnicos da Oficina Municipal de Rehabilitación.

SECCIÓN SEGUNDA

PROPIETARIOS DE VIVENDAS PARA REHABILITAR

Inscribiranse todas as persoas que, sendo propietarias en pleno dominio ou con dominio limitado de vivendas coas características que se describen a seguir, estean dispostos a poñelas a disposición dos demandantes de vivenda, ben sexa mediante compravenda, aluguer ou aluguer con opción de compra.

INSCRICIÓN

Artigo 6. Condicións da inscrición

6.1. Propietarios de vivendas para rehabilitar.- Poderanse inscribir no Rexistro Municipal da Rehabilitación como tales as seguintes persoas:

a) Todas as que dispoñan da titularidade ou posesión dunha casa deshabitada, con antigüidade superior a 30 anos, situada no ámbito do termo municipal de Rianxo, que estean dispostas a levar a cabo os labores de rehabilitación ou reforma que permita a súa habitabilidade, baixo o control e supervisión da Oficina Municipal de Rehabilitación e ao abeiro da pertinente licenza municipal de obra, sempre e cando unha vez reformada a dispoñan en réxime de aluguer, aluguer con opción de compra ou compra a terceiros inscritos no Rexistro como Demandantes de Vivendas para Rehabilitar.

b) Todas as que dispoñan da titularidade ou posesión dunha casa deshabitada, con antigüidade superior a 30 anos, situada no ámbito do termo municipal de Rianxo, que estean dispostas a vendelas, antes da súa rehabilitación ou despois de ser rehabilitadas baixo o control e supervisión da Oficina Municipal de Rehabilitación e ao abeiro da pertinente licenza municipal de obra.

c) Todas as que dispoñan da titularidade ou posesión dunha casa deshabitada, con antigüidade superior a 30 anos, situada no ámbito do termo municipal de Rianxo, que estean dispostos a vendelas, a cedelas en réxime de aluguer a longo prazo ou aluguer con opción a compra, sempre que as obras de rehabilitación corran por conta do arrendatario, demandante de vivenda para rehabilitar inscrito no Rexistro.

6.2. Demandantes de vivendas para rehabilitar.- Poderanse inscribir no Rexistro Municipal da Rehabilitación como tales as seguintes persoas:

a) Todas as persoas interesadas en acceder a unha casa rehabilitada, con antigüidade superior a 30 anos e situada no ámbito do termo municipal de Rianxo, en réxime de aluguer, de aluguer con opción de compra ou de compra.

b) Todas as persoas interesadas en acceder a unha casa, con antigüidade superior a 30 anos e situada no ámbito do termo municipal de Rianxo, en réxime de aluguer, aluguer con opción de compra ou de compravenda, e a proceder a levar a cabo a súa reforma ou rehabilitación baixo a supervisión e control da Oficina Municipal de Rehabilitación.

Artigo 7. Procedemento para a inscrición

7.1. As solicitudes de inscrición no Rexistro Municipal de Rehabilitación como **demandantes de vivenda para rehabilitar** faranse cumprimentando o formulario oficial que se achega como Anexo 1, indicando o réxime no que quere participar, a parroquia de preferencia, o prezo máximo ao que está disposto/a a pagar, tanto en aluguer como aluguer con opción de compra ou en compravenda, e algunhas características sobre as súas preferencias de vivenda. Acompañará o devandito formulario con copia da declaración da renda do ano anterior e fotocopia compulsada do DNI do/a demandante.

Só se admitirá unha solicitude por unidade familiar ou de convivencia, independentemente de que estea composta por unha ou varias persoas. Nos casos en que unha persoa inscrita no rexistro, sexa como solicitante ou como membro da unidade familiar ou de convivencia, pretenda a súa inscrición posterior mediante outra solicitude en unidade familiar ou de convivencia diferente, quedará inscrita no rexistro conforme a última solicitude presentada, circunstancia que será comunicada á unidade familiar ou de convivencia inicial.

7.2. As solicitudes de inscrición no Rexistro Municipal de Rehabilitación como **propietarios de vivendas para rehabilitar** faranse cumprimentando o formulario oficial que se achega como Anexo 2, indicando o réxime ao que está disposto/a a dispoñer a casa, o prezo mínimo ao que está disposto/a a percibir, tanto en aluguer como en opción de compra ou compravenda, e as características da edificación e do predio. Acompañará o devandito formulario con copia da escritura pública do inmovible

7.3. As solicitudes presentaranse por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Como norma xeral farase no rexistro do Concello de Rianxo ou presentarase na Oficina Municipal de Rehabilitación.

7.4. Examinada cada solicitude, requirirase o/a interesado/a para que nun prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. No caso de non facelo así, teráselle por desistido/a da súa petición.

No caso de que toda a documentación estea correcta, pasarán os seus datos a arquivos informatizados da Oficina Municipal de Rehabilitación para facilitar a xestión obxecto deste Rexistro Municipal de Rehabilitación. Tanto os demandantes de vivenda como os propietarios de vivendas para rehabilitar autorizan ao Concello de

Rianxo e á Oficina Municipal de Rehabilitación ao almacenamento en base de datos, tratamento e cesión a terceiros dos datos necesarios para levar a cabo o obxectivo do Rexistro.

7.5. O Concello establecerá, polos medios habituais, un prezo público para a inscrición dos propietarios de casas para rehabilitar. É obxectivo dese prezo público participar nos custos de promoción do Rexistro Municipal a través dos medios de comunicación e outros custos indirectos do seu funcionamento.

A alta no Rexistro como propietario de vivenda para rehabilitar non será efectiva ata o pagamento do prezo público que o Concello estableza para os efectos.

7.6. Vixencia da inscrición: A inscrición como demandante ou como propietario será vixente ata que se logre o obxectivo previsto no presente Rexistro ou ata que o solicite a baixa nel.

7.7. É obriga dos solicitantes (demandantes ou propietarios) manter os datos facilitados completamente actualizados, e de informar de calquera modificación que se producise.

Artigo 8. Verificación dos datos

As persoas que se inscriban en calquera das opcións do Rexistro Municipal de Rehabilitación comprométense a facilitar os datos correctos dos inmobles e das súas rendas. A Oficina Municipal de Rehabilitación, a instancia propia ou de calquera outro departamento municipal ou autonómico, poderá verificar a corrección dos datos aportados, á comprobación de calquera dos extremos declarados, mesmo a levar a cabo inspeccións e medicións das casas ou das leiras inscritas.

Artigo 9. Prezos públicos

- A inscrición como demandante no Rexistro é de balde.
- A inscrición de inmobles no Rexistro Municipal de Rehabilitación esixe o pagamento previo dun prezo público nos termos previstos na ordenanza reguladora específica.

Artigo 10. Procedemento

- A) A Oficina Municipal de Rehabilitación do Concello de Rianxo crea dúas bases de datos informatizadas e, no seu caso, en papel nas que se irán introducindo os datos tanto dos demandantes de vivenda como dos propietarios de vivenda, entendéndose autorizado para o tratamento e mesmo cesión dos datos inscritos, unicamente a fin de levar a cabo a xestión de intermediación entre uns e os outros.
- B) A Oficina Municipal de Rehabilitación do Concello de Rianxo difundirá e dará a coñecer o Rexistro Municipal de Rehabilitación a través dos medios de comunicación ou calquera outro medio eficaz ao efecto, debendo reservar o Concello unha partida orzamentaria anual para a publicidade do Rexistro.
- C) Os demandantes de vivenda achegaranse á Oficina Municipal de Rehabilitación na que amosarán as vivendas dispoñibles, as súas características e lles aportarán os datos de contacto do propietario, ou ben contactará co propietario directamente. No caso de que a casa estivese á venda ou aluguer nunha axencia inmobiliaria, a Oficina Municipal de Rehabilitación facilitaralle o contacto con ela.
- D) Unha vez acadado acordo entre demandante e propietario, a Oficina Municipal de Rehabilitación poderá supervisar o proxecto presentado e apoiar na xestión das autorizacións pertinentes e os orzamentos dos contratistas para poder executar as obras. Tamén poderá visitar as obras durante a súa execución. Todo na procura dun asesoramento experto en materia de rehabilitación.
- E) Se nese momento houbese axudas ou subvencións públicas, a Oficina Municipal de Rehabilitación informará aos demandantes e propietarios e mesmo poderá xestionalas perante os organismos que proceda, como encomenda de xestión que ten asignada.

Artigo 11. Baixa no Rexistro

Tanto os propietarios como os demandantes poderán causar baixa no Rexistro Municipal de Rehabilitación dirixíndose á Oficina Municipal de Rehabilitación coa solicitude pertinente.

Causarán baixa, tamén, cando rematen os obxectivos que se perseguen, é dicir, cando a edificación estea rehabilitada.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá dar de baixa a propietarios ou demandantes de vivenda para rehabilitar cando considere que os interesados incumpran os obxectivos e condicións do Rexistro Municipal, previa audiencia e posterior resolución, que se lles será notificada.

Tamén causarán baixa no Rexistro os propietarios de casas para rehabilitar que non xustifiquen o pagamento do prezo público establecido aos efectos.

Disposición adicional. Carácter do Rexistro

O Rexistro Municipal de Rehabilitación concíbese como unha dobre base de datos que permitan acadar os obxectivos e fins que se perseguen. Non se considera, en ningún caso, que dea lugar a un rexistro de entrada de documentos, función que desempeña o Rexistro Xeral do Concello de Rianxo, a través do cal serán presentadas todas as solicitudes referidas anteriormente e remitiranse os que procedan.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 27/04/2015, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que ao Partido Popular de Rianxo parécelle ben que se realicen actuacións que promovan que a xente viva en edificacións históricas de Rianxo, polo tanto vota a favor.

O concelleiro de urbanismo D. Joaquin Dominguez Salgado di que esta iniciativa é pioneira en Galicia, e un modo de ter coñecemento dos que están interesados en rehabilitar as edificacións ben porque as posúen e non poden afrontalo ou ben os que queren afrontalo. A maiores, fai unha semblanza do malogrado concelleiro José Carlos Gey que foi un dos impulsores deste rexistro, e tamén do Foro de Rehabilitación que tivo unha importante presenza de público con participación de figuras da arquitectura e por ilo, da a noraboa ao arquitecto da oficina de rehabilitación Carlos Coto.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que é bo para crear emprego, acabar co feísmo, a especulación urbanística en tanto apunta e recolle o interese de aqueles que queren afrontar estas rehabilitacións e server para mellorar a imaxe do concello. Considera que é unha actuación que dará vida a Rianxo.

Rematado o debate, sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA NON FISCAL DO PREZO PÚBLICO DO REXISTRO MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<Considerando a situación do sector da construción e o abandono de numerosas vivendas tradicionais no Concello e Rianxo,

Considerando que a posta en valor do patrimonio arquitectónico popular é esencial nunha sociedade comprometida, sendo necesario promover políticas públicas de recuperación, mantemento e conservación do patrimonio,

Considerando que a creación dun Rexistro Municipal de Rehabilitación considérase un instrumento necesario para coadyuvar á xestión das anteditas políticas públicas

Visto o informe emitido polo arquitecto da Oficina de Rehabilitación no que define o proxecto de creación dun Rexistro de rehabilitación como viable, ao abeiro da Lei de Vivenda de Galicia,

Vista a memoria económico financeira do proxecto de ordenanza da Tesourería, datado o 22 de abril, no que se reflicte unha coantificación do prezo público por debaixo dos custos totais da implantación do Rexistro de Rehabilitación, debido á imputación dos custos indirectos, non así polos custos directos nons que sí se estima a cobertura do custo,

Visto o informe favorable da intervención, de 24 de abril,

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. Establecer o prezo público polo establecemento do prezo público polo rexistro municipal de rehabilitación cuxo texto se anexa nesta proposta

Segundo. Declarar a concorrencia de razón sociais e de interese público que xustifican a fixación dun prezo público por debaixo do custo do servizo prestado

Terceiro. Someter dita ordenanza a información pública, dacordo co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, con publicación no BOP de A Coruña e no Taboleiro de Anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que consideren

Carto. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no prazo de exposición pública, considerarase aprobado definitivamente o establecemento do prezo público, sen necesidade de acordo expreso, debendo publicarse no BOP de A Coruña e no taboleiro de Anuncios do Concello o acordo de elevación a definitivo da proposta

Quinto. Facultar ao Sr. Alcalde para subscribir e firmar toda clase de documentos relacionados con este expediente

ANEXO

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLO REXISTRO MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN

Artigo 1 Fundamento

De conformidade co previsto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación dos servizos vencellados ao rexistro municipal de rehabilitación

Artigo 2 Concepto

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha contraprestación pecuniaria que será satisfeita por quenes voluntariamente soliciten a súa inscrición no Rexistro Municipal de Rehabilitación, en calidade de ofertantes.

Artigo 3 Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quenes, en calidade de propietarios, se benefician dos servizos vencellados ao Rexistro Municipal de Rehabilitación

Artigo 4 Coantía

1. A coantía do prezo público será de 50 € ao ano por cada inmovible que se inscriba no Rexistro Municipal de Rehabilitación.

2. Non se ratearán as coantías

Artigo 5 Obriga de pago

1. A obriga de pagar o prezo público nace dende a solicitude de inscrición no Rexistro Municipal de Rehabilitación, en calidade de ofertantes

2. A obriga de pago manterase anualmente respecto de tódolos beneficiarios do servizo que figuren inscritos no Rexistro Municipal de Rehabilitación a 1 de xaneiro.

Artigo 6 Normas de xestión

1. O prezo público xestionarase mediante padrón que, unha vez aprobado polo órgano competente, exporase ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello. En todo caso, publicaranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

2. As autoliquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas autoliquidacións. Dita autoliquidación de alta esixirase como depósito previo e achegarase á documentación aportada na solicitude de inscrición no Rexistro Municipal de rehabilitación.

3. As declaracións de baixa producirán a baixa no padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas declaracións.

Disposición Final

O acordo de establecemento deste prezo público foi adoptado e a súa ordenanza aprobada polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día, e entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, manténdose en vigor en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 27/04/2015, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, considera que o concello pode levar a cabo unha aposta máis forte sen que por elo se resinta a recadación de xeito importante xa que, as propias previsións que se realizan parten de que non se vai a cubrir o custe do servizo. Polo tanto, o noso voto vai ser en contra.

O concelleiro de urbanismo D. Joaquin Dominguez Salgado di que van a apoiar posto que o consideran axustado.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que apoian a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 8 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE, e 3 votos en contra (os 3 membros do PP) e cero abstencións dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

6.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SOLO, SUBSOLO OU VOO POR EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SUBMINISTROS

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<Visto o informe proposta de Tesourería no que se conclúe que a ordenanzas fiscal nº 19 intitulada “taxa por ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal” debería ser obxecto de profunda revisión para adecuala á modificación introducida pola Lei 51/2002 na regulación de dita imposición

Visto o informe emitido pola Secretaría, respecto ao procedemento a seguir,

Considerando a fiscalización favorable da intervención respecto do proxecto de ordenanza

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. A aprobación do texto da ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo por empresas explotadoras de subministros, que se anexa a esta proposta

Segundo. Someter a exposición pública por prazo de trinta días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro de Edictos do Concello e Prensa para o exame do expediente e presentación de reclamacións oportunas

Terceiro. No caso de que non se presentaran reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo provisional, debendo publicarse no Boletín Oficial de a Provincial

Cuarto. Remisión á Comisión Nacional correspondente, no prazo dun mes dende a aprobación definitiva, unha copia do texto da norma no Boletín Oficial correspondente, en cumprimento da normativa sectorial respectiva

ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 19 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SOLO, SUBSOLO OU VOO POR EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SUBMINISTROS

ARTIGO 1. Feito IMPONIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha meirande parte dos veciños.

2. Este réxime de cuantificación aplicarase ás empresas citadas no vindeiro artigo, tanto si son titulares das redes como as que, non ostentando a titularidade, o sexan dos dereitos de uso, acceso ou interconexión das mesmas.

3. Non se incluírán neste réxime de coantificación a taxa por servizos de telefonía móvil.

ARTIGO 2. EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SUBMINISTROS

1. A este efectos considéranse empresas explotadoras de subministros, con independencia do seu carácter público ou privado, as seguintes:

- a) empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga ou gas
- b) empresas que presten servizos de telecomunicacións dispoñibles ao público mediante a utilización,

total ou parcial, das redes públicas de telecomunicacións instaladas con utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia da titularidade das redes ou instalacións

- c) calesquera outras empresas de servizos de subministros que empreguen para a prestación dos mesmos tuberías, canles e demais instalacións que ocupen solo, subsolo ou voo municipais

2. Aos efectos deste artigo inclúense dentro das explotadoras de servizos a distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, as persoas xurídicas titulares das empresas que empreguen o dominio público para prestar os servizos de subministro de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e outros análogos, así como as empresas que exploten a rede de comunicación interna mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, cuxos servizos sexan de interese xeral ou e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo favor se otorguen as licenzas, ou quen se beneficie de dito aproveitamento, aínda que non se concedera a autorización.

ARTIGO 4. RESPONSABILIDADE

Os supostos de responsabilidade, sexa solidaria ou subsidiaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os recoñecidos en normas con rango de lei ou en Tratados ou Convenios internacionais.

ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE

1. Cando o suxeito pasivo sexa o titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo do dominio público local, a base impoñible constituirase pola diferenza entre os ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades subministradoras ou prestadoras dos servizos aos que se refire o artigo 3 desta ordenanza.

2. Cando para o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo teña empregado redes alleas, a base impoñible da taxa estará constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal, minorada na coantía que deba satisfacer ao propietario da rede polo seu uso.

3. Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, obtivéranse por aquela coma contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, en desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

A título meramente exemplificativo, e sen ánimo de exhaustividade, teñen a consideración de ingresos brutos, as facturacións polos seguintes conceptos:

- a) subministros ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa, que se correspondan a consumos aboados no termo municipal
- b) servizos prestados aos consumidores, necesarios para a recepción do subministro ou do servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, coma os enlaces á rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión, e substitución de contadores, equipos ou instalacións, propiedade das empresas ou dos usuarios
- c) alquileres que han de pagar os consumidores polo uso dos contadores, ou por outros aparatos empregados na prestación do servizo ou do suministros
- d) alquileres, cánones ou dereitos de interconexión percibidos doutras empresas subministradoras de servizos que empreguen a rede da entidade que ostenta a condición de suxeito pasivo desta taxa
- e) calesquera outros ingresos que se facturen polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras

4. Non se incluírán entre os ingresos brutos procedentes da facturación os seguintes conceptos:

- a) os impostos indirectos que graven os servizos prestados
- b) as cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que ostenta a condición de suxeito pasivo desta taxa
- c) as cantidades percibidas por servizos de subministros que vaian a ser empregados nas instalacións que se atopen na sección 1.a ou 2.a do Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Industri, Enerxía e Turismo, como materia prima necesaria para a xeración de enerxía susceptible de tributación polo réxime especial regulado nesta ordenanza fiscal.

5. Non terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación:

- a) as subvencións de explotación, públicas ou privadas, que reciban as empresas subministradoras
 - b) as indemnizacións por danos e perxuizos, salvo que o foran por compensación por cantidades non cobradas que tiveran que incluírse nos ingresos brutos do apartado 1 deste artigo.
 - c) ingresos financeiros como dividendos, intereses e produtos análogos
 - d) traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado
 - e) Maior valor dos seus activos a consecuencia de regularizacións de balances efectuadas ao abeiro das normas
 - f) cantidades procedentes do alleamentos dos bens e dereitos que integren o seu patrimonio

6. O importe derivado da aplicación deste ordenanza non poderá ser repercutido aos usuarios dos servizos de suministro respectivo.

7. A coantía desta taxa que corresponda a Telefónica de España, S.A., se considerará integrada, na compensación en metálico de periodicidade anual que esta compañía debe abonar aos concellos, segundo o artigo 4 apdo. 1 da Lei 15/87 de 30 de xullo, na súa nova redacción dada pola Disposición Adicional oitava, apartado 2 da Lei 39/88.

8. A compensación a que se refire o apartado anterior non será en ningún caso de aplicación ás cuotas establecidas para as empresas participadas por Telefónica de España S.A. que presten servizos de telecomunicacións e que estén obrigadas ao pago da taxa ao abeiro do artigo 3 da presente ordenanza.

ARTIGO 7. TIPO E CUOTA

A coantía da taxa determinarase aplicando o 1,5 por 100 á base imponible regulada no artigo 6

ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

O período impositivo da taxa coincide co ano natural, agás nos supostos de inicio ou cese na utilización ou aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo necesario para a prestación do servizo ou de suministro, casos nos que o período impositivo comprenderá dende o inicio e ata o cese efectivo.

ARTIGO 9. XESTIÓN

No caso de empresas subministradoras de servizos que afectan a unha xeneralidade de veciños, deberán realizar a correspondente autoliquidación trimestral. A estes efectos, deberán presentar en cada autoliquidación o volume de ingresos producidos así como a cota tributaria a ingresar, segundo modelo de autoliquidación oficial. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de quince días naturais desde a finalización de cada trimestre natural.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente ordenanza deixará sen efectos os artigos 1 a 7, e a disposición derradeira, da ordenanza fiscal nº 19 publicada no BOP de a provincia de A Coruña, nº 292 de 22 de decembro de 1998

DISPOSICIÓN DERRADEIRA (aprobación e entrada en vigor)

A presente Ordenanza, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión día de de 2015, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do dia 27/04/2015, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, comeza a súa intervención manifestando que consideran que é necesario adaptar esta ordenanza fiscal á lexislación aplicable e parécenos ben que se cobre, como se ten que cobrar, a aquelas empresas que utilizan o dominio público para prestar os seus servizos ós veciños, polo tanto van a votar a favor.

O concelleiro de urbanismo D. Joaquin Dominguez Salgado di que ao partido Socialista parécelle correcta.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que apoian a proposta.

Rematado o debate, sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

7º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO NOVO REGULAMENTO DO SERVIZO DE TAXI.-

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<A lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia (DOG 14/06/0213), respostou ao mandato dado pola Lei 1/2010, de modificación de diversas leis de Galicia para adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento europeo e do Consello, das actividades de transporte público de persoas en vehículos de turismo, tanto da actividade do taxi como a do transporte en réxime de arrendamento de vehículos con condutor, diferenciando claramente ambas. Non en tanto, establécese un procedemento coordinado para a concesión das licenzas de taxi xunto coas autorización interurbanas, mentres que o servizo de arrendamento de vehículos con condutor é exclusivamente competencia autonómica.

O Concello de Rianxo aprobou un Regulamento para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor (BOP do 13/02/2012) que debe ser obxecto de adaptación a nova lei antes do 14/07/2015, segundo estipula a Disposición derradeira terceira desta.

Incorporado o día 20/04/2015 informe sobre os trámites procedimentais de Secretaria e adaptación do texto á lei 4/2013.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobado inicialmente o REGULAMENTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI (cuxo texto se achega con esta proposta)

Segundo: Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias polos interesados.

Comunicar á Asociación Profesional representativa dos profesionais prestadores do servizo.

Terceiro: De haber alegacións, resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

REGULAMENTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE RIANXO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento legal

3. O obxecto deste regulamento cinguese exclusivamente ao servizo de vehículos de taxi, respostando á necesidade de adaptación tal e como estipula a disposición derradeira 3ª da lei 4/2013.
4. É competencia do Concello de Rianxo a ordenación e regulación do servizo urbano de transporte en taxis á que se refire o Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, así como do servizo interurbano en coordinación co órgano autonómico correspondente ao abeiro da lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia-
5. O fundamento desta regulamentación reside na competencia municipal para a prestación do servizo e especialmente nos cometidos especificados nos preceptos 21 e 40 do RD. 763/1979, segundo os que a entidade local fixará a parada dos vehículos deste tipo así como o número máximo dos que poden concorrer a cada parada, o xeito en que estacionar nelas e a orde na recollida dos demandantes do servizo, e asemade a ordenación do servizo no tocante a horarios, calendarios, descansos e vacacións.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

A intervención da administración municipal abrangue unicamente aqueles taxis que presten servizo dentro ou fora dos seus núcleos urbanos, con capacidade de ata 7 prazas.

Artigo 3.- Licenzas, titulares e condutores

3.1. Para a prestación do servizo de taxi será preciso estar en posesión da correspondente licenza municipal que habilita para a prestación do servizo xunto coa autorización interurbana que se obterá nun procedemento coordinado e mediante concurso previa convocatoria pública que garante a libre concorrência entre os interesados, de acordo co establecido nos artigos 6 a 16 da lei 4/2013.

3.2. Cada licenza terá un só titular e estará adscrita a un vehículo concreto. O seu titular será unha persoa física e ten a obriga de explotala persoalmente ou mediante persoa a contratación de condutor asalariada a xornada completa e dedicación exclusiva. Cada licenza non poderá ter mais que dous condutores vinculados.

3.3. As licenzas outorgaranse sen prazo de duración prefixado, aínda que a súa validez estará condicionada ao seu visado periódico de acordo co establecido no artigo 18 da Lei 4/2013.

3.4. O réxime de outorgamento, utilización, transmisión, suspensión, modificación ou extinción das licenzas axustarase á normativa.

Artigo 4.- Vehículos do servizo

4.1. Unicamente prestarase o servizo co vehículo autorizado na licenza municipal.

4. Os vehículos adscritos ao servizo estarán dotados de taxímetro e terán unha capacidade mínima de cinco prazas e máxima de sete, incluída a do condutor, debendo dispoñer de un espazo dedicado a maleteiro totalmente independente e suficiente para transportar a equipaxe.
5. Os vehículos poderán ser de calquera cor, debendo levar na porta dianteira o escudo do concello de Rianxo e non levarán publicidade, agás a autorizada polo Concello.
6. Os vehículos adscritos ao servizo, irán provistos da seguinte documentación:

- Licenza municipal e autorización interurbana de taxi
- Permiso municipal de condutor.
- Permiso de circulación do Vehículo.
- Documentación acreditativa das revisións obrigatorias do vehículo.
- Seguros esixibles legalmente.

- Follas de reclamacións.
- Cadro de tarifas oficiais.

Asemade, deberá estar ao día das inspeccións técnicas, seguros e demais obrigas determinadas no RD. 763/1993 e normativa concordante.

7. A substitución dun vehículo por outro deberá ser autorizado polo Concello
8. Os vehículos provistos da correspondente licenza deberán concorrer á súa parada, sendo causa de avogar a licenza a non prestación do servizo durante 60 días, previa tramitación do expediente correspondente e causa xustificada.

Artigo 5. Paradas do servizo e orde de colocación

5.1. Fixanse para o estacionamento de vehículos destinados ao servizo público de transporte de viaxeiros, con licenza municipal de taxi os seguintes lugares:

- Parada de Rianxo: Na Praza de Castela, na zona delimitada mediante sinalización vertical, fronte ao edificio do Cuartel Vello.
- Parada de Taragoña: Na Praza de Campo de Pazos, na zona delimitada por sinalización vertical.

Isto sen prexuízo de que a situación das paradas queda supeditada a calquera modificación que o concello determine con ocasión dos distintos actos e usos a realizar nas vías en que se sitúan.

5.2. En todas as paradas estacionarase por orde de chegada, desprazándose hacia adiante os primeiros postos por orde de chegada conforme van saíndo os anteriores cando quede espazo dunha praza libre diante do primeiro vehículo.

5.3. Considerase perdido o posto e lugar que se ocupa cando o vehículo saía da posición que ocupa na parada, non podendo dar marcha a atrás nela, e sempre que houbera outro vehículo detrás disposto a ocupala.

Artigo 6 Orde de prestación do servizo

6.1. Cando un usuario se persone en calquera das paradas para recibir o servizo de taxi, tomará o vehículo estacionado en primeiro lugar, e si se dirixise a calquera outro taxista, este deberá indicarlle ao usuario, que debe de tomar o anterior a el na parada.

6.2. Cando a través dunha chamada telefónica se requira a un taxista que se atope na parada, quen asista a dita chamada deberá comunicalo ao interesado para que a poda atender.

6.3. Se despois de atender unha chamada telefónica o requirido non estivera, e o que a atendeu tampouco estivera dispoñible para saír no momento solicitado, o comunicará aos compañeiros que corresponda que estén presentes na parada.

6.4. En caso de que coincidan, unha chamada de teléfono e un usuario na parada para realizar un servizo, se atenderá, en primeiro lugar ao usuario que está presente, e o seguinte taxista atenderá ao da chamada.

Artigo 7. Servizo nocturno

Fíxase un servizo nocturno mínimo de garda, integrado por un titular, das 23,00 ás 06,00 horas, con carácter rotativo de forma semanal de luns a domingo, entre todos os titulares con licenza municipal de auto-turismo.

Estes serán os responsables de realizar os servizos no horario sempre que sexan requiridos a través do teléfono de garda.

Artigo 8.- Estacionamento do vehículo

8.1. Ningún taxista poderá deixar o seu vehículo estacionado nas paradas descritas neste regulamento cando non vaia a prestar un servizo.

8.2. Ningún taxista poderá deixar o seu vehículo estacionado nas paradas descritas neste regulamento cando vaia realizar calquera xestión no caso en que na parada non estivera outro compañeiro en disposición de prestar o servizo, debendo comunicar a súa marcha ao compañeiro/s con vehículos máis próximos ao seu.

Artigo 9. Recusación de usuarios

9.1. Todos os taxistas recusarán levar a un cliente, si éste é debedor de calquera de eles, a non ser que no acto satisfaga a súa débeda.

9.2. Cando chegue un usuario a calquera das paradas, con intención de recibir un servizo, e por motivos persoais o titular da licenza que lle corresponda non queira realizalo este consentirá que o servizo o preste outro compañeiro, e así sucesivamente, debéndose prestar por algún deles en calquera caso.

Artigo 10. Non continuidade da prestación

Ningún taxista deixará de prestar o servizo, sen causa xustificada, debendo comunicar por escrito o motivo á Alcaldía ou Concelleiro delegado en Tráfico, e ao Presidente da Asociación de Taxis.

Artigo 11. Tarifas

A prestación do servizo está suxeito a un réxime de tarifas obrigatorio, sendo as aplicables pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia, tanto para os servizos urbanos como interurbanos.

Artigo 12. Infraccións e Sancións.-

12.1. Considerase infracción calquera acción ou omisión que contraveña o establecido neste regulamento e restantes normas de aplicación. As infraccións poderán ser leves, graves ou moi graves, segundo a clasificación da Lei 4/2013.

12.2. O procedemento sancionador iniciárase de oficio ou a instancia de parte, de conformidade co previsto na lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e de acordo co Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora, aprobado por R.D 1398/1993.

Disposición adicional primeira. Dedicación exclusiva.

A exclusiva dedicación á actividade unicamente afectará aos titulares de licenzas outorgadas ou ás transmisións que se outorguen con posterioridade á lei 4/2013, a non ser que se trate da primeira transmisión mortis causa que se produza trala entrada en vigor da lei.

Disposición adicional segunda. Réxime supletorio

Todo o non recollido neste regulamento estará suxeito ao previsto na Lei 4/2013 e normativa de desenvolvemento, no seu defecto, no Regulamento Nacional de Transportes en Automóviles Lixeiros e normativa estatal de aplicación.

Disposición transitoria primeira. Equiparación das licenzas de autoturismo anteriores.

As licenzas concedidas polo Concello de Rianxo para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor, auto-turismos clase -B-, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 4/2013, consideraranse equiparadas ás licenzas de taxi que habilitan para a prestación do servizo urbano de taxi.

Disposición transitoria segunda. Instalación de taxímetro con impresión de factura e rotulo luminoso.

Os titulares das licenzas de auto-turismos clase -B-, deberán proceder á instalación de taxímetro nos vehículos adscritos ao servizo antes do 14 de xullo de 2015, debendo notificar esta circunstancia ao concello por escrito cara a acreditar o seu cumprimento.

Disposición transitoria terceira.- Persoas xurídicas titulares de licenzas de autoturismo.

Os titulares de licenzas de autoturismos que foran persoas xurídicas poderán seguir exercéndoas ata o 14/07/2018, non podendo ser en tanto obxecto de transmisión a outras persoas xurídicas.

Disposición derogatoria.

Este texto derroga o Regulamento para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor do Concello de Rianxo publicada no BOP do 13/03/2012.

Disposición final.

O presente Regulamento entrará en vigor, unha vez resulte aprobado definitivamente, a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP de A Coruña e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 27/04/2015, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que van votar a favor, pero quere deixar constancia de que chega tarde, un ano despois.

O concelleiro de urbanismo D. Joaquin Dominguez Salgado di que van apoiar a proposta.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que en catro anos se fixeron outras actuacións, e non cree que chegue tarde, apoian a proposta.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di en replica que tiña que aprobarse o ano pasado.

O alcalde intervén dicindo que o dos taxis é un tema que hai que estudar, que é certo que se publicou unha nova lei, pero houbo traballo que facer, e este novo regulamento en pouco se diferenza substancialmente do anterior agás en reflectir tres ou catro novidades da nova lei galega.

Rematado o debate, sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

8.- REVISION DE OFICIO DAS BASES DO CONVENIO PARA A REPOSICIÓN DO EQUILIBRIO ECONOMICO DA CONCESION DO SERVIZO DE AUGA E SANEAMENTO, asinado con AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, S.A. (hoxe VIAQUA) o 09/05/2011: INCOACIÓN

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<O Concello de Rianxo e a sociedade mercantil “AQUAGEST, S.A.” formalizaron o 01/07/1996 o “ Contrato administrativo de concesión dos servizos municipais de abastecemento de auga potable a domicilio e de saneamento” con suxeición ao prego de condicións aprobado pola corporación e ás melloras que contiña a oferta da empresa adxudicataria que se enumeran na súa cláusula terceira apartado E. A duración deste contrato é de 20 anos dende a adxudicación, o cal sería prorrogable ata o 2017 por imposición unilateral comunicada 8 meses antes ao concesionario e acordada expresamente segundo cláusula 75 e 76 dos pregos.

Actualmente, polo tanto, é un contrato en vigor, se ben houbo unha sucesión de empresa acreditada ante esta administración e dada conta ao pleno corporativo, en favor de VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.

O 09/05/2011 o titular da Alcaldía naquel intre e a concesionaria asinaron un documento denominado “ Bases de un convenio para la reposición del equilibrio económico de la concesión del servicio de agua y saneamiento del ayuntamiento de Rianxo”, no que en esencia expoñen:

- A) Con data 03/10/2007 Aquagest manifestoulle ao concello que se producira unha creba do equilibrio financeiro da concesión por mor da ampliación da EDAR de Rianxo, cuxo funcionamento orixina uns custos adicionais aos

inicialmente previstos. A concesionaria reproduce a súa reclamación en diversos escritos (25/09/2009, 04/03/2010 e 07.07.2010) e finalmente achega as contas de explotación do exercizo de 2008 con relación ás que alega un déficit de 347.217,84€

- B) O 16/12/2010 o Concello de Rianxo solicítalle ao enxeñeiro Sr. Rodríguez Rodríguez un informe pericial sobre o asunto, recibíndose o 23/12/2010 e no que cifra o aumento de custos adicionais anuais derivados da ampliación da EDAR en 188.102,00€, propoñendo un cadro de tarifas por depuración para financiar aquela cantidade. Ese informe foi – posteriormente- obxecto doutro informe aclaratorio do 26/04/2011, por requirimento do interventor municipal acumulado, José Juan Vidal Vilanova.
- C) Por Resolución nº 466/2011, do 12 de abril, a alcaldía incoa formalmente un expediente de modificación do contrato de concesión e ordena: que se incorporen as contas de explotación dos servizos desde 1996 ata 2008, que se requira a Aquageste para que presente as contas dos exercizos de 2009 e 2010, cun resumo da evolución dos custos fixos e variables así como dos ingresos, e documentación xustificativa dos elementos integrantes dos custos de explotación, e finalmente que se evacúen os preceptivos informes de carácter xurídico, económico e financeiro de Secretaría e Intervención.
- D) Con data 04/05/2011 o avogado externo Sr. Roibaás Vázquez emite un ditame no que alude ao informe do enxeñeiro Sr. Rodríguez Rodríguez, así como á cláusula 43 do Prego da licitación que versa sobor do Equilibrio económico da concesión. Engade a normativa aplicable segundo a data da sinatura do contrato e o Regulamento de servizos das Corporacións Locais. Remata concluíndo que hai un incremento anual de custos de explotación do servizo por importe de 188.102,00€ derivado do funcionamento da ampliación da Edar de Rianxo, que altera os termos iniciais da concesión, motivo polo que cómpre repoñer o equilibrio financeiro do servizo incrementando o canon anual a prol do concesionario.
- E) Os asinantes das bases manifestan que decidiron concluír o procedemento administrativo por medio de acordo convencional, ao abeiro do artigo 88 da Lei 30/1992, recoñecendo a existencia dun desequilibrio económico da concesión e acordando repoñelo con suxeición ás bases seguintes:
- F) Cifrase a contía do desequilibrio en 188.102,00€/ anuais mailo ive aplicable do 8%, con referencia á data do convenio.
- G) O equilibrio financeiro repoñeráse por medio da imposición dunha taxa de depuración de augas residuais trala aprobación da correspondente ordenanza fiscal, de xeito que entre en vigor o 01/01/2012, coincidindo os seus períodos impositivos cos das taxas polos servizos de abastecemento de auga e saneamento, sendo a xestión levada a cabo pola concesionaria.
- H) As tarifas da taxa serían as propostas no informe pericial do enxeñeiro Sr. Rodríguez Rodríguez, que se tomará como estudo económico-financeiro.
- I) O concesionario renuncia a calquera atraso económico pola creba do equilibrio financeiro do contrato respecto aos anos 2007 a 2011, a calquera contencioso que tivera interposto por mor da concesión e que estivera pendente de resolución e calquera outro futuro non sendo por novas causas sobrevidas que non teñan a súa orixe en feitos anteriores ao convenio. Tamén renuncia a aos gastos financeiros derivados de débedas anteriores declaradas por sentenza xudicial firme ata o 31/12/2012.

Con ocasión dun escrito de Aquagest do 20/09/2011 no que solicitaba a imposición da nova taxa a interventora municipal, D.^a Belén Rodríguez Tourón, expide o 14/10/2011 un informe desfavorable ao documento asinado o 09/05/2011 así como calquera acto administrativo que poida recoñecer un desequilibrio económico que en que o fundamento económico sexa o documento denominado “Estudio de costes producidos pola ampliación dos procesos e instalacións da Edar do Concello de Rianxo para a adecuación á Lei 8/2011, do 02 de agosto, de protección da calidade das augas das rías de Galicia” emitido por D. Gilberto Rodríguez Rodríguez, e presentado neste concello (..) por non estudar de forma integral tódolos elementos que determinan o equilibrio económico da concesión dos servizos municipais de abastecemento de auga potable a domicilio e saneamento do Concello de Rianxo.” A funcionaria chega a esa conclusión unha vez analizada a documentación obrante no expediente, e porque o estudo económico presentado “reflicte os custos adicionais dunha instalación da concesión e non da totalidade e non considera os ingresos (vertente positiva do equilibrio económico)”. Advirte, asemade de que o expediente adolece de eivas tales como a falta dos preceptivos informes de Secretaría sobor da modificación que se pretende ao abeiro do artigo 60 da lei 13/1995 en correlación co artigo 113 do TRRL así como o informe de fiscalización previa da Intervención municipal ao tratarse dun acto administrativo de contido económico (artigo 219 TRLRFL e artigo 11 da Lei 13/1995); e que esta modificación non está formalizada en documento administrativo ante o Secretario municipal que daría fe do acto aínda que se tratara dunha terminación convencional(artigo 113 TRRL e Disposición adicional 4^a da Lei 13/1995). Apunta ademais que se tampouco se pode estimar que se tratara dun acto previo á resolución final posto que da redacción do documento obsérvase que propiamente se adoptan termos resolutorios, aínda que queda diferido a súa eficacia xurídica á tramitación e aprobación definitiva da correspondente ordenanza fiscal (cláusula 2^a decimo primeira). Por último, aprecia que o órgano competente para a modificación deste contrato sería o Pleno corporativo e aínda que se estimara delegable – a alcaldía naquel intre detentaba todo o delegable de competencia orixinalmente plenaria- non constaba a celebración de comisión informativa previa e preceptiva de exercerse unha función por delegación.

O actual goberno municipal mantivo reunións coa concesionaria ante os múltiples inconvenientes xurídicos que suscitaba o documento asinado con aquela e xurdían numerosas discrepancias entre o concello e a concesionaria en relación á xestión do servizo.

No interin, D. Agueda Bello Valdés, interventora municipal, emitiu informe o 18/07/2012, no que insistía, ante os escritos da concesionaria, na necesidade de acreditar que o desequilibrio producíase na globalidade da concesión, e tras mencionar varia xurisprudencia que cualifica a reposición do equilibrio económico como unha fórmula excepcional que non debe converterse nunha garantía ordinaria dos intereses do concesionario, estima que a situación económica da concesión non está completamente depurada como para admitir a existencia dun desequilibrio “ xa que non debe confundirse equilibrio económico da concesión co equilibrio económico financeiro do concesionario”. E require informe técnico que analice en detalle a situación coa oferta presentada no seu momento coa licitación e tendo en conta, a cláusula 43 dos Pregos.

A concesionaria presentou nova solicitude o 14/03/2013 na que insta ao concello a que se lle abone ao seu favor unha subvención por importe de 113.801,71€, no seu defecto se lle informe o crédito dispoñible nos orzamentos dos anos 2012 e 2013 e actuación administrativa que o a imposibilitado. O 15/10/2014 recibíuse nas dependencias municipais a sentenza nº 00526/2014 ditada polo xulgado do contencioso-administrativo número 2 de Santiago de Compostela que anula a desestimación por silencio e obriga ao concello a responder.

Ante a posibilidade manifestada pola concesionaria de resolver o contrato, e para encauzar a situación en pro do interese público e garantía do servizo, esta Alcaldía incoou por Resolución nº 62/2015, do 18 de febreiro, un procedemento para resolver o contrato por mutuo acordo ao abeiro do estipulado na cláusula 74.e) dos pregos que rexen esta concesión en atención ao artigo 112 da Lei 13/1995 e demais normativa de aplicación. Este mutuo acordo implicaría a renuncia pola concesionaria a calquera reclamación derivada do devandito contrato de concesión, e en especial coas Bases do convenio mencionado. Sen embargo, a concesionaria rexeito via escrito presentado no prazo outorgado para o efecto o acollemento a esta vía. E este proceso quedou pechado.

Chegados a este punto, vistos os antecedentes e especialmente os informes obrantes no expediente, esta Alcaldía estima que poden darse motivos que respalden a revisión de oficio das “Bases do convenio...” por infrinxir o ordenamento xurídico, incorrendo en causas de nulidade de pleno dereito do artigo 62 da Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, concretamente:

- **a ausencia total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados. A tal fin sinálanse as eivas detectadas**
- **Acordo adoptado polo órgano manifestamente incompetente por razón da materia**

Polo exposto, esta Alcaldía solicitou informe da Secretaría e intervención municipais que se expediu o 23/04/2015, e do cal transcríbese o seguinte:

<< INFORME DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: Inicio do procedemento de revisión de oficio das bases do Convenio para a reposición do equilibrio económico da concesión do servizo de abastecemento de auga e de saneamento do Concello de Rianxo

1. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 13/1995 , do 18 de maio, de contratación das administracións públicas (derogou o Decreto 3410/1975 polo que se aproba o regulamento xeral de contratación do Estado así como o Decreto do 09/01/1953, polo que se aproba o regulamento de contratación das corporacións locais)
- RD. 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público e RD. 1098/2001 polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento en materia de contratación.
- Lei 5/1997, de 5 de agosto, de Administración local de Galicia -arts 310 e ss- (LALGA).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)

- R.D. Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións Locais.
- Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais (ROF)

2. ANTECEDENTES

Os relacionados na Providencia da Alcaldía do 17 de abril de 2015, especialmente:

Prego de condicións para o concurso administrativo de concesión dos servizos municipais de subministro de auga potable a domicilio e saneamento municipal, aprobado, polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 29/12/1995.

• Contrato administrativo da concesión dos servizos municipais de subministro de auga potable a domicilio e saneamento, asinado o 01/07/1996 e cunha duración de 20 anos dende a adxudicación (prorrogable ata o 2017 por imposición unilateral comunicada 8 meses antes ao concesionario e acordada expresamente segundo cláusula 75 e 76 dos pregos)

• Informe da Intervención do 30/07/2010 sobre os escritos presentados por AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA, solicitando a revisión extraordinaria da tarifa co incremento necesario para cubrir todos os gastos derivados da ampliación do servizo de saneamento.

• Sucesión do contrato trala reestruturación societaria do grupo de sociedades dominado pola Sociedade General de Augas de Barcelona, S.A. ás que pertence Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de abastecimientos de agua, S.A.U. e que quedarían baixo a sociedade denominada Aquadom, concesiones ibéricas, S.L.U. En conclusión, subrogación da mercantil denominada Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U nos dereitos e obrigas dimanantes dos contratos administrativos existentes entre este concello e Aquagest – concretamente o contrato de concesión dos servizos municipais de subministro de auga potable e saneamento asinado o 01/07/1996- ao ter a solvencia necesaria para o seu cumprimento, segundo acredítase no informe que se achega. Asemade, de non estimarse solvente suficiente respóstanse subsidiariamente da execución dos referidos contratos o resto das sociedades beneficiarias da escisión. Trala verificación xurídica deuse conta ao Pleno corporativo o 26/12/2013.

• Decreto nº 466/2011, do 12/04/2011, de incoación de expediente de modificación de contrato de concesión administrativa dos servizos municipais de abastecemento de auga potable a domicilio e saneamento, no que se solicita a evacuación dos preceptivos informes de carácter xurídico, económico, financeiros dos servizos de Intervención e Secretaría.

• Informe do asesor xurídico do Concello de Rianxo, D. José Manuel Roibás Vázquez, de data 04/05/2011, que conclúe: "Procede en consecuencia a reposición do equilibrio da concesión en contía de 188.102,00 €. Esta reposición pódese levar a cabo mediante a dación dun canon a favor do concesionario por igual importe no que foi peritado o desequilibrio económico o ben mediante unha ordenación de taxa e a súa simultánea imposición de acordo ao aconsellado polo perito no seu informe ao que me remito integramente. Aos efectos pódese efectuar un convenio entre a administración contratante e a empresa concesionario onde se poña de manifesto a forma en que deberá proceder a reposición efectiva do equilibrio económico da concesión."

• "Bases de un convenio para la reposición del equilibrio económico de la concesión del servicio de agua y saneamiento del ayuntamiento de Rianxo" asinado, o 09/05/2011, por D. Pedro Piñeiro Hermida, como Alcalde do Concello de Rianxo e no seu nome e representación e por D. Henry Laiño López na súa calidade de apoderado da empresa AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, S.A.

• Informe da interventora municipal, Belén Rodríguez Tourón, expedido o 14/11/2011 que conclúe:

- dende o punto de vista material: a falta de acreditación do desequilibrio económico alegado en relación ao considerado no momento da adxudicación, cara a determinar si se trataba dun risco imprevisible, posto que a cláusula 43 dos pregos prevían a "ampliación do servizo" como excluídas da reposición do equilibrio. Ademais sinala a non estimación dos ingresos derivados da ampliación da EDAR reflectindo unicamente os custes adicionais da nova instalación en vez da totalidade da concesión.

- dende o punto de vista formal: advirte a falta de informe de Secretaría e de fiscalización previa da Intervención municipal ao tratarse dun modificado do expediente, e engade a non submisión á Comisión Informativa previa ao Pleno (aínda que a Alcaldía tivera delegado no seu favor as competencias delegables do Pleno) e, polo tanto, a nulidade de pleno dereito do documento e actuacións administrativas que derivan anta a ausencia total e absoluta do procedemento legalmente establecido.

• Informe da interventora municipal, Águeda Bello Valdés, o 18/07/2012, que conclúe que o equilibrio económico é unha fórmula excepcional a coordinar co principio de risco e ventura" de xeito que non debe confundirse co equilibrio económico financeiro do concesionario, unicamente tería lugar en caso de prexuízos imprevisibles á vista de circunstancias sobrevenidas, e require un informe técnico sobre o gardado cumprimento da oferta de adxudicación e a situación actual do servizo para avalialo.

•O 15/10/2014 recibíuse nas dependencias municipais a sentenza nº 00526/2014 ditada polo xulgado do contencioso-administrativo número 2 de Santiago de Compostela contra o incumprimento das bases do convenio, concretamente a desestimación por silencio da solicitude de 14/03/2013 presentada pola concesionaria, e se impón a resposta á solicitude no prazo de 1 mes.

•Resolución nº 62/2015, do 18 de febreiro pola que se incoa o procedemento de resolución por mutuo acordo e dáselle audiencia ao concesionaria para outorgar a súa conformidade.

•Rexeitamento por Viaqua da posibilidade de mutuo acordo.

A providencia da Alcaldía insta a estudar a viabilidade da revisión ao considerar que poden darse motivos que respalden a revisión de oficio das “Bases do convenio...” por infrinxir o ordenamento xurídico, incorrendo en causas de nulidade de pleno dereito do artigo 62 da Lei 30/1992, de rexime xurídico e procedemento administrativo común.

3. INFORME

3.1. REVISIÓN DOS ACTOS ADMINISTRATIVOS: introdución e asunto a tratar

A Lei 30/1992, do 26 de novembro establece, nun marco de seguridade xurídica, a presunción da validez dos actos administrativos a través da súa regulación no artigo 57. Así, o apartado primeiro do dito artigo establece que “Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde a data na que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa”. Deste xeito, a non eficacia da totalidade ou parte dun acto administrativo deberá realizarse tras a tramitación dalgún dos procedementos previstos no título VII da LRXPAC denominado “A revisión dos actos administrativos” ou ben por unha decisión xudicial.

Dentro do primeiro dos supostos, o ordenamento xurídico recoñece ás Administracións Públicas a potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordo, entendida como unha facultade excepcional que se lle outorga para revisar os seus actos administrativos sen a necesidade de acudir aos tribunais de xustiza e sen requirir da impugnación dos interesados. Deste xeito, constitúe un dos máximos expoñentes da autotutela administrativa ante infraccións especialmente graves provocadoras de supostos de nulidade ou anulabilidade.

Neste sentido, o artigo 4.1.g) da LBRL e o artigo 4.1.g) ROF atribúen aos municipios a potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos. Por outra parte, os artigos 53 LBRL e o 218 ROF determinan que, sen prexuízo das previsións específicas contidas nos artigos 65, 67 e 110 LBRL, as entidades locais poderán revisar os seus actos e acordos nos termos e co alcance que, para a Administración do Estado, establécese na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común.

O procedemento iniciado e obxecto de informe, trátase dunha **revisión de oficio** das bases do Convenio para a reposición do equilibrio económico da concesión do servizo de abastecemento de auga e de saneamento do Concello de Rianxo.

A revisión de oficio dos actos administrativos regúlase no artigo 102 LRXPAC, que establece no seu punto primeiro que “As Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e tras o ditame favorable do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbese, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxeran fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1”.

Este artigo prevé xa uns requisitos que deberá verificarse si se cumpren para iniciar o procedemento de revisión de oficio.

3.2. CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA INICIAR O PROCEDEMENTO DA REVISIÓN DE OFICIO

3.2. A) EXISTENCIA DUN ACTO ADMINISTRATIVO

A definición que a doutrina dálle ao acto administrativo, resúmese, sucintamente na seguinte: decisións emanadas dunha Administración Pública. Así, o acto administrativo defínese como un acto xurídico coas seguintes características principais:

- Constitúen unha manifestación ou declaración da vontade, unilateral, potestativa e executoria
- Teñen por obxecto crear, recoñecer ou extinguir unha situación xurídica individual
- Trátase dunha declaración unilateral realizada no exercicio da función administrativa que produce efectos xurídicos individuais de forma inmediata

Facemos referencia a esta definición, xa que o acto a revisar de oficio denomínase “Bases dun convenio para a reposición do equilibrio económico...”, polo que haberá que determinar en primeiro lugar se estamos ante un acto administrativo ou non.

As cláusulas das bases estrutúranse en dous, que se transcriben:

“1ª.- As partes acordan e estipulan, que vistos os documentos referidos nos expoñendos, en especial á marxe de déficit deducido das contas de explotación dos servizos concedidos, referidos ás anualidades 2008, 2009 e 2010, é procedente e necesario en dereito **recoñecer unha situación de desequilibrio económico da concesión**, polos motivos expostos no expediente, e en especial referidos no informe pericial que se une como anexo V ao presente convenio.

2ª.- As partes convenientes acordan o seguinte para a necesaria reposición do equilibrio económico da concesión:

PRIMEIRO.- Tomarase como referencia nos importes económicos de determinación do desequilibrio referido no informe pericial, sen ningún xénero de actualización ao momento presente de celebración deste convenio. O dito importe cifrase en 188.102,00 €/ano (máis o tipo de IVE correspondente ao 8%).

SEGUNDO.- Convénse que a forma de reposición do equilibrio económico da concesión, sexa mediante un acordo de imposición dunha taxa polo servizo de depuración de augas residuais e a simultánea ordenación da mesma a través da correspondente ordenanza fiscal, nos termos do artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

(...)

Posteriormente régúlase a forma de compensación do desequilibrio económico, o que deberá realizarse a través da tramitación doutro procedemento, que é a imposición dunha taxa, o que é competencia indelegable do Pleno. En relación a este extremo, a cláusula 11ª establece que *“As partes acordan que as controversias que xurdan da interpretación do presente convenio, se decidan en sede xurisdiccional, ante o xulgado do contencioso administrativo que corresponda de Santiago de Compostela. A fiscalización e consecuente eficacia xurídica do mesmo quedará diferida á tramitación e/ou aprobación definitiva da correspondente ordenanza fiscal nos termos convidados. Calquera incumprimento das estipulacións, liberará a calquera das partes convenientes para o cumprimento das obrigas asumidas neste convenio e reflectidas nas estipulacións, quedando o convenio sen efecto e expedita a vía administrativa e xurisdiccional, para a defensa das pretensións de cada cal.*

O cumprimento das estipulacións deste convenio, condicionan a eficacia xurídica deste convenio e deben ser suficientemente acreditadas, sen cuxo requisito terase por non celebrado o convenio, debendo continuar co procedemento administrativo de referencia ata a terminación por acto administrativo expreso o presunto, nos termos da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común nos prazos de tramitación do expediente ordinario a contar da data na que se acredite o incumprimento de calquera delas”.

En canto ás *obrigas asumidas* polas partes asinantes, ademais da tramitación da ordenanza fiscal polo concello están as relativas ao concesionario, reguladas nas cláusulas 8ª e 9ª, nas que renuncian a unhas reclamacións económicas e a calquera contencioso teña interposto por mor do contrato e pendente de resolución xudicial.

Podería xurdir a dúbida de se as bases quedaron sen efecto, dado que non se tramitou a imposición da taxa prevista no convenio. Se ben é certo que a cláusula 11ª establece que o incumprimento dalgunha das obrigas previstas supoñen que terase por non celebrado o convenio e resolverse o procedemento polo procedemento ordinario a través dunha resolución expresa ou presunta, tamén é certo que, ante a falta de pronunciamento expreso, estaríamos ante unha desestimación por silencio administrativo da solicitude presentada por Aquagest, actualmente Viaqua, SAU. A pesar diso, a empresa, no seu escrito presentado o 14/03/2013 no seu punto V configura a obriga de aboar as contías determinadas como desequilibrio económico como *obrigas contractuais*.

A este respecto, esta Secretaría e Intervención consideramos que, as Bases do convenio teñen dúas partes claramente diferenciadas:

- Unha parte na que se recoñece a existencia dun desequilibrio económico a compensar ao concesionario
- Unha parte na que se determina a forma de compensación

a) Recoñecemento da existencia dun desequilibrio económico a favor do concesionario a a súa cuantificación

O recoñecemento dunha compensación a favor do concesionario motivado pola rotura do equilibrio económico da concesión é unha obriga da Administración contratante, como establece o artigo 127 RSCL, que prevé no seu apartado 2 que a Corporación debe *“2º Manter o equilibrio financeiro da concesión, para o que:*

a) compensará economicamente ao concesionario por razón das modificacións que lle ordenase introducir no servizo e que incrementaren os custos ou diminuíran a retribución; e

b) revisará as tarifas e subvención cando, aínda sen mediar modificacións no servizo, circunstancias sobrevidas e imprevisibles determinasen, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión”

Este precepto, establece como obrigatorio para a Administración compensar ao concesionario no caso de que haxa un desequilibrio económico por motivos do *ius variandi* (modificación contractual) ou *factum principis*.

No expediente analizado a cuantificación da compensación obtense a partir de un par estudos económicos de carácter técnico solicitados a petición do alcalde -órgano de contratación por delegación do Pleno, no momento da formalización do convenio- e nos que este baseou a súa decisión. Entendemos que esta parte do convenio non ten carácter transaccional, xa que a súa determinación desta compensación debe realizarse a través dun **procedemento obxectivo, regrado e motivado, de modo que non sería conforme a dereito recoñecer unha contía diferente á que resultase dos informes**, salvo renuncia do contratista, o que non ocorreu no expediente examinado.

Esta diferenciación considerámola esencial, xa que nos atopamos ante unha terminación convencional dun procedemento, como recoñece a cláusula 10ª: *“O presente convenio tramitase na forma que corresponda a dereito e terá validez desde a súa firma. Constitúe unha terminación convencional do procedemento administrativo incoado ao efecto”.*

O artigo 88 LRPAC regula a terminación convencional dos procedementos administrativos, de modo que no seu apartado 1 establece que *“As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou insertarse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin”.*

Polo tanto, entendemos que o recoñecemento da existencia dun desequilibrio económico que debe compensarse ao concesionario, aínda que se inclúa no convenio, dado que non é obxecto de transacción, trátase dun acto administrativo do que nace un dereito do contratista fronte ao Concello de Rianxo, e como tal debería respectar os trámites procedimentais establecidos legalmente para unha modificación contractual.

b) Determinación da forma da compensación

Tendo en conta as diferentes formas de compensación (art. 127 RSCL), consideramos que este aspecto sí pode tratarse dunha materia obxecto de negociación e, polo tanto, de terminación convencional, sen prexuízo das obxeccións que formularemos en relación ao aspecto competencial.

A maior abundamento, o informe de Intervención do 14/10/2011 sobre a *“Imposición e ordenación dunha taxa polo servizo de depuración de augas residuais en aplicación do convenio asinado con Aquagest, Promoción Técnica e Financeira de Abastecementos de Auga, SA para a reposición do equilibrio económico da concesión do servizo de auga e saneamento do Concello de Rianxo”* indica que *“(…) na cláusula 2ª.-décima di que o convenio se tramitará na forma que corresponda a dereito, terá validez dende a súa sinatura e constitúe unha terminación convencional do procedemento administrativo incoado ao efecto, na cláusula 2ª.-décimo primeira di que a fiscalización e, consecuente eficacia xurídica do convenio quedará diferido á tramitación e/o aprobación definitiva da correspondente ordenanza fiscal, nos termos convenidos, na cláusula 2ª.-décimo terceira que se poderá esixir que o convenio se eleve a documento administrativo ante fedatario público e/o notarial. Estase por tanto a falar de acordos adoptados e non asentando bases para futuros acordos”*

No mesmo sentido a sentenza núm. 526/2014 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela emitida o 15/07/2014 no procedemento iniciado por Viaqua, indica no seu fundamento xurídico terceiro que *“(…) a propia interventora do concello no seu informe do 14/10/2014, en base ao determinado no convenio, sinala que estase a falar de acordos adoptados e non asentando bases para futuros acordos”*.

- En conclusión, as Bases do convenio para a reposición do equilibrio económico da concesión do servizo de auga e saneamento do Concello de Rianxo, **constitúen un acto administrativo.**

3.2. B.) O ACTO ADMINISTRATIVO PON FIN Á VÍA ADMINISTRATIVA

O artigo 52.2 LBRL determina que resolucións poñen fin á vía administrativa:

“a) As do Pleno, os alcaldes ou presidentes e as Xuntas de Goberno, salvo nos casos excepcionais nos que unha lei sectorial requira a aprobación ulterior da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, ou cando procede un recurso ante estas nos supostos do artigo 27.2

b) As das autoridades e órganos inferiores nos casos que resolvan por delegación do alcalde, do presidente ou doutro órgano cuxas resolucións poñan fin á vía administrativa

c) As de calquera outra autoridade ou órgano cando así o estableza unha disposición legal.”

O artigo 59 TRLCAP establece, en relación ás prerrogativas da Administración que *“(…) o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os seus efectos”*. Non está prevista a competencia para acordar o restablecemento do equilibrio económico, como si ocorre no actual texto refundido da Lei de contratos do Sector Público no seu artigo 249.1.c), no que atribúeselle ao órgano de contratación. Dado que na letra c) da cláusula terceira do contrato administrativo da concesión determináanse os recursos que servirán de retribución ao contratista e non reflicten a taxa convenida por depuración de augas residuais, entendemos que estamos ante unha modificación contractual, tal e como sinala o informe de Intervención do 14/10/2011. Polo tanto, o órgano competente para a modificación contractual é o Pleno, delegado no alcalde no momento da formalización do convenio

Así, de acordo cos apartados a) e b) do artigo 52.2 LBRL, pódese concluír que o acto pon fin á vía administrativa. O feito de estar ante unha terminación convencional, non é un obstáculo xa que, como vimos, o artigo 88 LRXPAC establece que *“(…) podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos (...)”*

- En conclusión, as Bases do convenio para a reposición do equilibrio económico da concesión do servizo de auga e saneamento do Concello de Rianxo, **constitúen un acto administrativo que pon fin á vía administrativa**

3.2.C) REQUISITO TEMPORAL

O artigo 102 LRXPAC establece que a revisión de oficio poderá levarse a cabo *en calquera momento*, polo que non se observa ningún obstáculo para a súa tramitación actualmente

- En conclusión, desde o punto de vista temporal, **non existe obxección para tramitar actualmente o procedemento de revisión de oficio das Bases do convenio para a reposición do equilibrio económico da concesión do servizo de auga e saneamento do Concello de Rianxo**

3.2.D) CONCORRENCIA DOS SUPOSTOS DO ARTIGO 62.1 LRXPAC

De acordo co artigo 102.1 LRXPAC, debe darse algún dos supostos do artigo 62.1 LRXPAC para poder tramitar a revisión de oficio dun acto administrativo, artigo que establece os supostos de nulidade de pleno dereito dos actos administrativos:

“1. Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos seguintes casos:

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional*
- b) Os ditados por un órgano manifestamente incompetente por razón da materia o do territorio*
- c) Os que teñan un contido imposible*
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta*
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados*
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición*
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal”*

Pola remisión do apartado g) do artigo 62.1 LRXPAC debemos acudir á normativa de contratos que rexe este contrato de concesión, que prevé outros supostos de nulidade de dereitos administrativo dos contratos administrativos no seu artigo 62:

“Son causas de nulidade de dereito administrativo as seguintes:

- a) As indicadas no artigo 62.1 da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común*
- b) A falta de capacidade de obrar ou da solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, debidamente acreditada, ou que o adxudicatario estea incurso nalgunha das prohibicións ou incompatibilidades sinaladas no artigo 20 desta lei*
- c) A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido no artigo 60 da Lei xeral orzamentaria e das demais normas de igual carácter das restantes Administracións Públicas suxeitas a esta lei, salvo os supostos de emerxencia”.*

Motivos de nulidade de pleno dereito alegados pola Alcaldía

A> a ausencia total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados. A tal fin sinalanse as eivas detectadas:

A.1) Insuficiencia dos estudos técnicos que serviron de base para determinar o desequilibrio económico, por non presentar un análise integral da concesión na súa vertiente positiva e negativa.

Neste punto, aténdese ao informado polas interventoras municipais o 14/10/2011 e 18/07/2012, D. Belén Rodríguez Tourón e D.ª Águeda Bello Valdés respectivamente, que insisten na falta de avaliación da concesión na súa globalidade, isto é, do conxunto de gastos e ingresos, e por ende, a falta de acreditación da perda do equilibrio económico da concesión, e con ela do dereito a reposición do concesionario, en tanto fórmula excepcional. Polo tanto, o informe técnico en base ao que se cuantificou, o desequilibrio económico non era correcto levando a unha terminación convencional do procedemento errónea por selo a documentación que a sustentaba.

Non obstante, o informe da Intervención emitido o 30/07/2010 xa advertía das características que debía ter o estudo económico que avaliase a existencia ou non dun desequilibrio na explotación do servizo. Así, no punto segundo indica: *“Plantexa o concesionario un desequilibrio económico e adxúntase ao escrito presentado un documento de carácter económico no que reflicte a súa estimación dos gastos debidos ao aumento das instalacións referidas, de data 25/09/2007. Esta Intervención entende que o análise do desequilibrio económico da concesión debe ser estudado no seu conxunto, analizando os gastos totais da concesión e os ingresos totais da concesión e así se recolle na cláusula 43 dos pregos de condicións para o concurso administrativo de concesión dos servizos municipais de subministro de auga potable a domicilio e saneamento municipal, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 29 de decembro de 1995”.* En base a este razoamento, a interventora *“solicita informe de experto técnico en concesións administrativas referentes a abastecemento de auga e saneamento para que, previa observación das actuais instalacións e tendo en conta as previsións futuras e a oferta económica do concesionario poña de manifesto de forma xustificada:*

- O custo de cada un dos servizos*
- Os ingresos que corresponden a cada servizo*
- A existencia ou non dos datos recabados de desequilibrios económicos na concesión indicando expresamente de existir desequilibrio económico que parte é imputable a cambios substanciais na prestación dos servizos, debidos a imposición unilateral da Administración que a fagan máis gravosa”*

A pesar de existir este informe no expediente, o estudo económico no que se fundamentou o convenio asinado, non reunía os requisitos alí mencionados.

A.2) falta do informe sobor da modificación pola Secretaría e de fiscalización do expediente pola Intervención municipal

No tocante ao informe de secretaria ao abeiro do artigo 60 da lei 13/1995 en correlación co artigo 113 do TRRL é preceptivo e previo á modificación contractual.

Respecto da fiscalización do expediente é obrigado polas consecuencias económicas derivadas do expediente(artigo 219 TRLRFL e artigo 11 da Lei 13/1995)

A.3) non celebración de comisión informativa previa preceptiva á terminación convencional en tanto o asunto é de competencia plenaria, e a Alcaldía actuaba por delegación daquel (artigo 123 do RD. 2568/1986)

A.4.) non concorrencia de fedatario público ao acto de sinatura das Bases do convenio (artigo 113 TRRL e Disposición adicional 4ª da Lei 13/1995).

A.5) falta do informe do Consello Consultivo de Galicia de supor unha modificación do 20% sobre o valor inicial do contrato.

Pois ben, a pesar do carácter restritivo con que a Xustiza admite a nulidade de pleno dereito cando se enarbora o suposto de nulidade de pleno dereito por falta de total e absoluta do procedemento legalmente establecido, cómpre lembrar tamén en base a outra xurisprudencia, que no caso da falta de informes preceptivos, a súa omisión adquire relevancia cando supón unha diminución real e efectiva e transcendental das garantías , afectando á decisión de fondo e alterando eventualmente o seu sentido. Ou sexa, soamente procede a anulación do acto naqueles casos en que é imposible averiguar si a decisión final é correcta ou non, e ilo porque precisamente a infracción cometida sustraxo elementos de xuízo necesarios para unha valoración xusta da solución posible. Tendo en conta o informe da Intervención Municipal do 30/07/2010 que advertía do contido que debería ter o estudo económico, a falta de fiscalización previa á sinatura das Bases do convenio impediu realizar a dita comprobación que, de levarse a cabo, daría lugar á advertencia de que o estudo que serviu de base para asinar o convenio non era correcto.

Queda patente que o recoñecemento do equilibrio económico, prescindiu do procedemento, e baseouse nun estudo incorrecto, nun informe xurídico externo, cando este debería emitirse pola Secretaría municipal de conformidade coa normativa de contratación e do réxime xurídico de funcionarios con habilitación de carácter nacional. Finalmente, tampouco consta verificación ou control interno do Interventor municipal exércente que permitise por de manifesto as ditas carencias e evitar unha resolución errónea.

B> Acordo adoptado polo órgano manifestamente incompetente por razón da materia

Como se indicou anteriormente, as Bases do convenio teñen dúas partes diferenciadas: a) o recoñecemento dun desequilibrio económico cuantificado e b) a regulación da forma de compensación.

Neste último apartado indicouse que establecíase como forma de compensación a imposición dunha taxa polo servizo de depuración de augas residuais.

Sen embargo, o documento nacia desvirtuado posto que a súa eficacia quedaba condicionada a aprobación dunha ordenanza fiscal que recollera a dita pretensión, sendo de competencia plenaria indelegable a súa aprobación. O alcalde non só recoñece a existencia dun desequilibrio económico a favor do concesionario, senón que prevé a súa compensación mediante a tramitación dunha taxa. É certo, que trátase dun compromiso e non da súa imposición, pero esta trátase dunha competencia plenaria indelegable da que o Pleno non tivo coñecemento ningún.

3.3 PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO

A competencia para declarar a nulidade dos actos do concello corresponde ao Pleno, por así desprenderse dos arts. 21.1.l) , 22.2.k) y 110.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co art. 103.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. E así o confirma a doutrina maioritaria, o Consello do Estado e os *distintos órganos consultivos das Comunidades Autónomas; incluso o TS na súa [Sentencia de 9 de marzo de 2004](#)*.

O artigo 104 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, permite ao órgano competente para resolver que, unha vez iniciado o procedemento de revisión de oficio, poda suspender a execución do acto, si considera que esta puidera causar prexuízos de imposible o difícil reparación.

Iniciado o procedemento de revisión de oficio seguiranse as disposicións xerais sobre os procedementos administrativos previstas no Título VI (arts. 68 a 101) da Lei 30/1992, con esixencia do ditame preceptivo e vinculante do Consello Consultivo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, una vez instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución porase de manifesto o expediente a cantos aparezan como interesados máxime cando en caso de declararse a nulidade, desaparecerían os efectos favorables ou o dereito recoñecido, ou reaparecería o obstáculo para o exercicio do dereito preexistente.

O artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, exige para proceder á revisión previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma.

4. CONCLUSIÓN

Esta Secretaría e Intervención municipais informan favorablemente a revisión de oficio do acto administrativo “Bases dun convenio para a reposición do equilibrio económico...” ao estimar que, de acordo co informe de intervención do 14/10/2011, prescindiuse total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, estando ausentes trámites

preceptivos de tal calibre que impiden aseverar a corrección daquel.

Polo exposto, polo principio de legalidade, e ante a ausencia dun estudo económico sobre da globalidade da concesión administrativa con ingresos e custos, e de informes preceptivos de secretaria e fiscalización da intervención, a falta de ditame da comisión informativa correspondente antes da sinatura do documento, e a súa non formalización ante fedatario público (secretario ou notario). >>

Resultando pois que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 102 da lei 30/1992 de Réxime xurídico da Administracións Públicas e procedemento administrativo común para a revisión de oficio do acto que nos ocupa por apreciarse motivos de nulidade de pleno dereito.

Considerando que tanto no artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local como o mesmo número de precepto do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, atribúen aos municipios a potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.

Considerando que o artigo 102 da lei 30/1992 de Réxime xurídico da Administracións Públicas e procedemento administrativo común esixe para proceder á revisión de nulidade dos actos que se obteña o o ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma.

O Consello Consultivo de Galicia é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e a emisión dos seus ditames e procedemento regúlase na Lei 3/2014.

Esta Alcaldía, polo exposto, e de conformidade coa normativa mencionada propón ao pleno corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMERO.- Iniciar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo denominado “ Bases de un convenio para la reposición del equilibrio económico de la concesión del servicio de agua y saneamiento del ayuntamiento de Rianxo” asinado o 09/05/2011 entre o titular da Alcaldía naquel intre e a concesionaria AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA (hoxe Viaqua)

SEGUNDO. Facultar á Alcaldía para solicitar o ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.

TERCEIRO.- Suspende o prazo para ditar a resolución do expediente de revisión de oficio de que se trata polo tempo que medie entre a petición e a recepción do ditame, ao abeiro da posibilidade que prevé o artigo 42.5 da Lei 30/1992.

CUARTO.- Notificar este acordo á concesionaria VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. en tanto sucesora do devandito contrato, indicándolle que poderá aducir alegacións e aportar documentos e outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior á proposta de resolución.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 27/04/2015, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Durán, di que van votar a favor deste punto, primeiro por responsabilidade e segundo porque nós, defendemos os dereitos dos veciños de Rianxo e non os das grandes empresas; agora ben, o primeiro que tamén temos que denunciar é o ocultismo co que se ten levado a cabo este asunto, tanto por parte do anterior equipo de goberno, como do actual. É necesario que alguén lle explique ós veciños de Rianxo, como se pode asinar un documento que se lle recoñece a unha empresa o dereito a percibir do concello case 200.000 euros ó ano, e isto se fai prescindindo total e absolutamente das formas do procedemento, e contra o criterio expresado pola intervención municipal.

Isto se fixo de forma irregular polo seus socios de goberno, que asumían ese compromiso

de costas ó pleno da corporación, que era o que tiña competencia para calquera modificación do contrato e consideramos que vostede é responsable por ter agochado este grave feito, durante catro anos.

O alcalde dálle a palabra ao primeiro tenente de alcalde D. Joaquin Dominguez Salgado que parte da deslealdade en que incorreu a concesionaria Viaqua, empresa coa que se tiveron varias reunións para resolver a situación. Di que efectivamente o anterior alcalde Pedro Piñeiro Hermida, puxo nas bases do convenio que estaban condicionados a que continuara o expediente a nova corporación, e por ilo a nova corporación estivo negociando ao respecto.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que con independencia do parecer do BNG sobre o acordo, tratouse por esta corporación de negociar cara a solventar as reclamacións existentes. Como non se acordou unha solución consensuada, resta unicamente a revisión de oficio, para que unha vez o Consello Consultivo o estude tralas alegacións que puidera presentar Viaqua, resólvese o expediente segundo o seu ditame.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, diríxese ao primeiro tenente de alcalde para preguntarlle que si todo era tan nítido porque o convenio non se trouxo ao pleno corporativo daquela ou con anterioridade a este.

D. Joaquin Dominguez Salgado primeiro tenente de alcalde, di que o descoñece.

O alcalde, remata dicindo que cando chegaron ao goberno se encontraron con este convenio e a reclamación do seu cumprimento por Viaqua, existía doutrina que acepta a validez xurídica do documento ao estar asinado pola alcaldía sen prexuízo de irregularidades no procedemento ou estudos, e a única vía que queda ante a non marcha atrás de Viaqua (intentando incluso o mutuo acordo e rexeitado por eles) é a revisión de oficio, para evitar o pago desta contía. Sorprendentemente tras catro anos de negociación e reunións con Viaqua, e non sendo unha decisión fácil, traémola ao pleno corporativo aínda que sexa nesta época, polo tanto, non o estan a agochar.

Rematado o debate, sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

9.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

9.1.- MOCION DO BNG A PROL DO MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia no paso á situación de cobro das actuacións do Rexistro civil.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 11 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP no Estado español aprobou o pasado ano o Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, que leva aparelado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto acabará converténdose con case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, cómpre subliñar que o obxectivo do PP no seu modelo de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto que cumpre numerosas funcións, que son indispensábeis para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo... Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindíbel. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, á súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Para alén disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos, pois recentemente confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, na Galiza ficaría só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.

Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora póñense en mans privadas, impoñendo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade. Por outra parte, é preciso non esquecer a previsíbel perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- **Expresar o rexeitamento ao Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.**
- 2.- **Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos culgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.**
- 3.- **Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.**

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, presenta unha emenda transaccional:

“Instar ao goberno central a que as reformas legais que se adopten, garantan unha administración de xustiza eficaz e próxima aos cidadáns, ao aproveitamento das vantaxes das novas tecnoloxías, ao mantemento dos postos de traballo dos funcionarios destinados actualmente no Rexistro Civil e a que as xestións do Rexistro Civil sigan tendo un carácter gratuíto e se poidan seguir levando a cabo no concello de Rianxo.”

O primeiro tenente de alcalde, D. Joaquin Dominguez Salgado, comeza a súa intervención dando cifras de preto de 400 documentos que veñen dado soamente en Rianxo no Rexistro Civil. É un grande negocio, e lembra que o Presidente do goberno é rexistrador civil.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintans, manifesta que se introduza a palabra “público” no da emenda.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, coa emenda formulada polo PP (de xeito que o texto da emenda substitúe o punto 2º da moción, e elimínase o 3º) sendo **APROBADA** por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta, sendo o acordo o seguinte:

1.- Expresar o rexeitamento ao *Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.

2.- Instar ao goberno central a que as reformas legais que se adopten, garantan unha administración de xustiza eficaz e próxima aos cidadáns, ao aproveitamento das vantaxes das novas tecnoloxías, ao mantemento dos postos de traballo dos funcionarios destinados actualmente no Rexistro Civil e a que as xestións do Rexistro Civil sigan tendo un carácter gratuíto e público e se poidan seguir levando a cabo no Concello de Rianxo.

9.2.- MOCION POPULAR PARA A CORRECCIÓN DO TOPONIMO DE RIANXO NOS MAPAS DA REDE SOCIAL FACEBOOK.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O alcalde, xustifica a urxencia no feito de que afecta a identidade e imaxe do concello de Rianxo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 11 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

O alcalde, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rede social Facebook, a máis popular en número de usuarios no mundo e utilizada por milleiros de galegos e galegas e por cada vez máis empresas do país, utiliza, no seu servizo de mapas e localización, unha forma non oficial e deturpada do topónimo Rianxo, facendo imposible a quen usa esta rede a utilizar o termo correcto e oficial á hora de localizar as actividades e información xeográfica que comparte coas amizades, seguidores ou clientes.

Este feito contrasta coa política lingüística do propio portal, xa que o galego é unha das linguas que se ofrecen para a presentación da páxina.

Posto que o servizo de mapas e localización de Facebook é provido polo servizo de mapas de Bing, un portal de procura na web da compañía tamén multinacional Microsoft, esta está a incorrer, igualmente, nunha incorrección ortográfica ao utilizar un topónimo deturpado que, ademais, é ilegal, segundo recoñecen varias sentenzas que recollen que o único topónimo válido e legal é o oficial en lingua galega para todos os idiomas, ao amparo da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística.

Esta grave falta é ademais extensible a toda a toponimia galega, que atopamos ateigada de topónimos deturpados, castelanizados e non oficiais, co agravio comparativo que se produce con respecto aos topónimos de outros lugares do estado con lingua propia, coma Cataluña ou Euskadi, onde os topónimos aparecen nas linguas propias.

Polo tanto, as persoas e institucións que subscribimos esta moción popular por medio do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Rianxo,

1. Reclamamos á compañía Microsoft que corrixa no seu servizo de mapas Bing toda a toponimia galega, e en particular o topónimo Rianxo, á súa forma oficial, aplicando os mesmos criterios que os aplicados para os casos catalán e vasco;

2. Instamos á compañía Facebook a que aposte por un servizo de mapas e localización que non utilice topónimos deturpados e non oficiais, ben solicitando unha corrección aos provedores do seu servizo de localización, ou ben mudando a outro dos múltiples servizos de mapas existentes que si respectan a legalidade no uso dos topónimos oficiais.

O alcalde engade que acompaña a esta moción un anexo cos nomes de veciños e asociacións que apoian a moción.

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que van a apoiar a moción.

O alcalde dalle a palabra ao primeiro tenente de alcalde, D. Joaquin Dominguez Salgado, di que o PSOE vai apoiala moción, e lembra que na época da ditadura franquista un taxista puxo Rianxo no taxi e resultou sancionado polo Goberno Civil.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintans, di que se nos non reivindicamos a nosa lingua mal vamos; di que pouco ten que engadir co dito polo concelleiro do PSOE.

Rematado o debate, sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

10.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldía resposta as PREGUNTAS PENDENTES DO PLENO ANTERIOR:

P.1. *Pediuse un vehículo patrulla para a policía?*

O alcalde di que é o segundo ano que a Xunta de Galicia rexeita un coche patrulla para o concello a pesar da colaboración que se presta ata en incendios. E isto sen prexuízo de outras denegacións de achegas ou concesión de achegas tan pequenas que non hai por onde comezar.

Comenta que era recomendación dos servizos de intervención non pedir aquelas en que o concello tivera contía que aportar.

A voceira do grupo do PP, D.^a Vanessa Martinez Durán, replica que como vanlla a conceder se pediron o vehículo fora de prazo.

P.4.- *que acontece co convenio que se asinou coa Deputación Provincial para o subministro dunha carpa?*

O alcalde di que asinouse o convenio e estase a espera de que o concello teña a disposición do 20% que debe aportar.

Formula novas preguntas a voceira do grupo do PP, D.^a Vanessa Martinez Durán:

P.1.- Fixo algunha investigación sobre do atraso na solicitude do coche patrulla?

O alcalde dille a voceira do grupo do PP, que se equivoca de subvención que el estalle a falar das dúas denegadas do fondo de compensación ambiental, que xa o ano pasado a pediran para estes vehículos.

P.2.- Que posición ten o goberno municipal sobre o porto deportivo do club náutico de Rianxo?

O alcalde contesta que respecto do náutico quizás habería que interpelar a Portos de Galicia para saber ao respecto. Di que o único que consta no concello é un plan de usos da

zona portuaria que o leva Portos de Galicia, e ese é o que hai que executar. Pregúntelle ao director de Portos de Galicia que é o que saberá ao respecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:05 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

O alcalde remata dicindo que este é o último pleno deste mandato, e a pesar das disputas dialécticas deste pleno quere agradecer o trato de todos os presentes e do servizo prestado por todos os traballadores.

Levántase a sesión ás 21:10 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo